# SONETO
## (Ó Belén de Begonte)

O peito meu encheuse de tenrura
de desexos de paz e de cariño
cando ollei alquel berce dun neniño
que nos falta de amor e de dulzura.

El naceu entre pallas, e está ledo
que non é sempre o que máis ten máis rico,
ten máis aquel a quen lle dan un bico
e xamais de estar soio sinte medo.

Esto sintiu a alma deste pobo
doce, feliz, sinxelo, agarimoso,
que bebeu tanto amor daquela fonte

que dese amor xurdiu un sentir novo
e acaudoulle este homaxe tan fermoso
ofrecéndolle un trono, aquí, en Begonte.